

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE SETEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:10 horas do día 11 de setembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 7 de setembro (orde do día ampliada o 10 de setembro), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. María Jesús Lago Rey
- Vocais:** D. Pablo Olmos Pita
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Faílde
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 2a e 3)
D. José Ángel Hermida Fernández (asiste ao punto 4a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 9 de agosto de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta do 31 de agosto de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

c) Acta do 7 de setembro de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:55	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA44-C6D437-3BD726-D6XC2Q-5C3LSM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. XÉRMOLO DINAMIZACIÓN CULTURAL, S.L. (lote 2)
2. PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L. (lote 2)
3. ATLANTIC PONTE 2000, S.L. (lote 1)

b) Outorgar un prazo de tres días a ATELIER SOCIAL, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá indicar se cumpre cos criterios de selección esixidos para esta licitación, posto que o licitador non cumprimentou este apartado no DEUC presentado.

Ao non declarar que cumpre cos requisitos de selección non queda constancia de que posúe a solvencia (tanto técnica como profesional) e que se compromete a adscribir ao contrato os medios persoais esixidos no PCAP.

Así mesmo, deberá indicar a que lote/lotos se presenta.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

Retírase este asunto da orde do día.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo a ATELIER SOCIAL, S.L. para que poida emendar a documentación persoal.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:55	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA44-C6D437-3BD726-D6XC2Q-5C3LSM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

EVENTUMPRO:

1.- Propón como prezo total do contrato o de 79.987,95 euros.

2.- Comprométese a aportar as seguintes melloras:

1) Comprométese a incluír na oferta os seguintes elementos e na seguinte porcentaxe sobre as unidades exixidas no proxecto:

- Escenas do Nadal ou actividades de inverno Escenas do Nadal ou actividades de inverno (as dimensións mínimas serán 20 cm de alto, 40 cm de ancho e 15 cm de largo e, de conformidade cos criterios establecidos no apartado 3 do anexo I do proxecto) incrementa o mínimo (60 uds) en 10%
- Figuras de persoas/animais feitas en resina ou similar (as dimensións mínimas serán 7 cm de alto, 4 cm de ancho e 3,5 cm de largo) incrementa o mínimo (100 uds) en 10%
- Figuras de fachadas de casas feitas en resina ou similar (as dimensións mínimas serán 26 cm de alto, 20 cm de ancho e 7 cm de largo.) incrementa o mínimo (70 uds) en 10%
- Figuras de montañas e estacións de esquí feitas en resina ou similar (as dimensións mínimas serán 20 cm de alto, 40 cm de ancho e 15 cm de largo, conforme aos criterios de proporcionalidade establecidos no apartado 6 do anexo I do proxecto) incrementa o mínimo (20 uds, das cales 17 uds de montañas e 3 uds estacións de esquí) en 10%
- Figuras de casas singulares feitas en resina ou similar (as de dimensións mínimas serán 16 cm de alto, 13,5 cm de ancho e 10 cm de largo) incrementa o mínimo (100 uds) en 10%
- Figuras de accesorios do poboado como coches, farolas, árbores, sinais, setos (etc) feitas en resina ou similar (as dimensións mínimas serán 5 cm de alto, 4,5 cm de ancho e 5 cm de largo) incrementa o mínimo (200 uds) en 10%

2) Incrementa o stock de seguridade esixida no ppt (10%) nun 4 %.

3.- Non achega os seguintes certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato:

- Certificados de calidade ISO 9001-UN
- Certificado de calidade ambiental 14001-UN

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:55	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA44-C6D437-3BD726-D6XC2Q-5C3LSM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

Retírase este asunto da orde do día.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440)

- **Recurso especial en materia de contratación interposto por D^a. Margarita María Reboredo Arnos, en nome e representación de DANNERBOOTS, S.L.U. o 17 de agosto de 2018 contra o acordo de exclusión**

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto por D^a. Margarita María Reboredo Arnos, en nome e representación de DANNERBOOTS, S.L.U. o 17 de agosto de 2018 contra o acordo de exclusión. Este asunto foi tratado na Xunta de Goberno local do 6 de setembro de 2018.

Así mesmo, dáse conta da resolución da medida cautelar nº 60/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia do 3 de setembro de 2018 pola que se acorda a suspensión do lote 4. Desta resolución deuse conta á Xunta de Goberno local na sesión do 7 de setembro de 2018.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449)

Retírase este asunto da orde do día.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) (lotes 1, 2 e 3)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que o 21 de agosto de 2018 se requiriu ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 1, 2 e 3, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. a documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP. A documentación foi presentada o 30 de agosto, dentro do prazo concedido.

Unha vez revisada pola Mesa de Contratación, constátase que as garantías presentadas para cada un dos lotes son insuficientes, posto que foron calculadas sobre o importe de adxudicación (sen IVE) en lugar de calcularse sobre o orzamento base de licitación (sen IVE), ao tratarse dun contrato no que o prezo se formula por prezos unitarios (artigo 107.3 da LCSP). Agora ben, dado que o importe das garantías se axusta ao importe esixido na propia notificación practicada a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de tres días para que poida completar as garantías depositadas para cada un dos lotes, dado que os importes depositados son insuficientes e consta acreditado un erro imputable a esta Administración no requirimento formulado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:55	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA44-C6D437-3BD726-D6XC2Q-5C3LSM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

É doutrina consolidada tanto das Xuntas Consultivas como dos Tribunais administrativos de contratos, o carácter emendable da acreditación do requisito, pero non da súa existencia; especificamente en canto á constitución de garantía, o Informe 48/2002 XCCA considera, en aplicación de dita doutrina, non emendable a non constitución de garantía en prazo. O que acontece neste caso é que a garantía foi constituída pero por un importe incorrecto (insuficiente).

O TACRC vén negando, así mesmo, a posibilidade de emenda neste caso (Resolucións 270/2011, 286/2015 ou 61/2013S, entre outras).

Unicamente matiza o TACRC a súa posición no caso de que o erro sexa imputable ao órgano de contratación, tal e como razona na súa Resolución 225/2013: *"Aplicar en el supuesto que ahora nos ocupa con tal rigor dicha doctrina, cuando el error en la formalización de la garantía ha sido imputable al órgano de contratación por la defectuosa técnica utilizada en la redacción de los pliegos y, en concreto, por el error introducido en la cláusula 17ª del PCAP que se refiere al 5 % del importe de la adjudicación, sería desproporcionada y, evidentemente, contraria a los principios rectores de buena fe y confianza legítima que han de regir las relaciones entre el órgano de contratación y los licitadores"*.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:55	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA44-C6D437-3BD726-D6XC2Q-5C3LSM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		